

O presuposto da Cámara para 2011 redúcese nun 15,8%

Ferrol. 28/10/2010. O pleno da Cámara de Comercio de Ferrol aprobou onte o seu presuposto para 2011, que ascenderá a 1.246.800 euros. Esta cifra representa unha minoración do 15,8 % respecto do exercicio actual.

Este descenso obedece a un criterio de prudencia pola previsible redución dos ingresos por recursos permanentes da entidade, é dicir aqueles que proceden da recadación das cotas dos empresarios, en función da caída dos rendementos das sociedades e dos autónomos por mor da crise.

No tocante aos ingresos, tamén experimenta un descenso —en torno ao 18%— o capítulo de recursos non permanentes, procedentes, fundamentalmente, de servizos prestados e de diferentes subvencións. Os fondos deste apartado, que supón o 58% dos ingresos dos que disporá a Cámara para 2011, cífranse en 722.800 euros.

De calquera xeito, malia a caída dos ingresos, o presuposto permitirá manter o nivel de servizos ás empresas xa que os principais axustes realizáronse en capítulos correspondentes a gastos de representación e viaxes e gastos correntes (telefonía, fotocopiadoras, material e equipamento de oficina, etc.).

Incrementouse, en cambio, o capítulo de publicacións, no que se contempla a edición dun boletín trimestral que informará das actividades da Cámara, e o de innovación, coa posta en marcha dun programa para fomentar as prácticas innovadoras e a transferencia tecnolóxica.

De calquera xeito, unha das principais partidas de gasto segue a ser a destinada ao comercio exterior e ao impulso da internacionalización —que representa máis do 16% do presuposto e acada os 199.000 euros— para dedicar especial atención á promoción do sector naval e da súa industria auxiliar en diferentes países.

Os vogais da Cámara acordaron tamén solicitar á Xunta de Galicia a preceptiva autorización para dous presupostos de carácter extraordinario, o primeiro para executar o proxecto do segundo viveiro de empresas en Río do Pozo e o segundo destinado a modernizar o centro no que se imparten as actividades formativas que organiza a entidade.

Aínda que a previsión inicial era realizar un investimento de 1.741.000 euros, finalmente, o presuposto aprobado para o viveiro de empresas de Narón será dun millón de euros, dos que 750.000



proceden dunha axuda da Fundación Instituto Cameral para a Creación e Desenvolvemento da Empresa (Incyde).

Por outra parte, a actuación prevista para modernizar o centro de formación contempla un gasto de 320.000 euros, cunha subvención aprobado polo Ministerio de Industria de máis do 40%.

Desde os órganos de goberno da Cámara estase a traballar na busca da colaboración doutras entidades para completar o financiamento destas dúas iniciativas.

